



**Asunto: Solicitud de modificación das bases e convocatoria do proceso selectivo para a formación dunha bolsa de emprego para nomeamentos interinos na área de normalización lingüística no Concello de Vigo**

Anxos Sobriño Pérez, como presidenta da Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua (CTNL), con CIF G-15542897, enderezo postal no apartado de correos 170 de Santiago de Compostela, enderezo electrónico info@ctnl.gal e teléfono de contacto 629 571 950,

EXPOÑO:

No *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* do 5 de xullo de 2017, o Concello de Vigo publicou as **bases reitoras e convocatoria do proceso selectivo para a formación dunha bolsa de emprego que permita os nomeamentos interinos como técnico medio de normalización lingüística**.

En relación con esta convocatoria, a CTNL, como entidade que agrupa os/as traballadores/as de normalización da lingua, quere expresar as seguintes consideracións:

1. En primeiro lugar, **valoramos positivamente esta convocatoria, que vai permitir reforzar o servizo de normalización lingüística** dunha cidade como Vigo, a maior de Galicia e, como todos os contextos urbanos, moi necesitada do traballo técnico de normalización da lingua.
2. Con todo, temos que indicar un aspecto das bases que cumpriría corrixir:
  - a) A bolsa de emprego convocada polo Concello de Vigo ten como fin o nomeamento de interinidades a través do **subgrupo de contratación A2** e denomina o posto “**técnico medio de normalización lingüística**”. Debido ás funcións reais que se teñen que desenvolver e aos coñecementos e capacidades necesarias para desenvolvelas, as prazas de técnico/a de normalización lingüística deben estar equiparadas ao



**subgrupo A1 da función pública**, e non ao subgrupo A2. Como mostra das funcións dun SNL, no documento anexo incluímos a proposta elaborada pola CTNL para o Encontro de Política Lingüística Municipal que tivo lugar en Santiago de Compostela o 16 de novembro de 2015.

Alén disto, a convocatoria de axudas que a Xunta de Galicia destina ás administracións locais para a promoción do uso da lingua tamén recolle as mesmas funcións (artigo 7) e especifica que o **persoal técnico debe estar encadrado dentro do grupo I de cotización do réxime xeral da Seguridade Social** (artigo 5.1, segundo parágrafo, da orde do 6 de abril de 2017 pola que se establecen as bases para a concesión de subvencións ás entidades locais de Galicia para a promoción do uso da lingua galega, publicada no DOG do 2 de maio de 2017). É dicir, o grupo de cotización correspondente a licenciados (subgrupo A1 da función pública).

- b) De acordo co anterior, debe ser requisito das persoas aspirantes estar en posesión do título de **grao ou licenciatura universitaria** equivalente. Na base II da convocatoria do Concello de Vigo só se establece como titulación requirida o **título de grao** –que se concreta en Filoloxía Galego-Portuguesa, Filoloxía Galega, Filoloxía Hispánica (sección Galego-Portugués) e Lingua e Literatura Galegas– ou equivalentes. No entanto, **as titulacións equivalentes nestas especialidades son licenciaturas** (licenciaturas en Filoloxía Galego-Portuguesa, Filoloxía Galega ou Filoloxía Hispánica, subsección Galego-Portugués) e no sistema universitario galego nin sequera existen graos con algunhas das denominacións citadas na convocatoria, por exemplo, en Filoloxía Hispánica (sección Galego-Portugués), que é unha **licenciatura**.

Tamén na convocatoria de axudas da Xunta (artigo 5.1.a) aparecen enumeradas as titulacións que debe posuír o persoal técnico de servizos de normalización lingüística: grao en Lingua e Literatura Galegas, grao en



Estudos de Galego e Español, grao en Galego e Portugués: Estudos Lingüísticos e Literarios, as **licenciaturas equivalentes aos ditos graos** ou outras titulacións superiores pertencentes á área de Humanidades ou de Ciencias Xurídicas e Sociais, sempre que estean en posesión do certificado de lingua galega do nivel 5 (Celga 5). Por tanto, a convocatoria de axudas da Xunta considera equivalentes os graos enumerados e as licenciaturas correspondentes do anterior sistema universitario.

Xa que logo, SOLICITO:

1. Que se modifiquen as bases da convocatoria e se estableza que a bolsa de emprego sexa para o nomeamento interino de **técnicos/as de normalización lingüística, subgrupo A1 da función pública**.
2. Consecuentemente, que na base II.e) se fixe como requisito dos/das aspirantes a **titulación de grao ou de licenciatura**.

Finalmente, se o consideran necesario, desde a CTNL ofrecémoslles apoio e asesoramento para o que poidan necesitar no desenvolvemento deste proceso selectivo.

Pontevedra, 14 de xullo de 2017

Anexo: Funcións dos servizos de normalización lingüística municipais